

O RAPAZ

Eu deixaba o traballo ás cinco da tarde. Polo verán era unha hora temperá. Saía aboucado de tanto bourar naquel taller de cociñas. E para non entobarme deseguida na pieza, en vez de coller o tranvía volví a pé. Dedicábame a observar a xente. E a coñecer as rúas polo nome e a cor das paredes e o ulido de cada volta de esquina. San Telmo, aquel anaco da cidade, chegou a ser algo meu. Collínlle agarimo.

Un día batín co rapaz. Estaba na porta do conventillo, sentado na soleira. Tería uns once anos. Polo seu ollar aberto e pousado decateime de que era galego. Faleille. Souben así que chegara había arredor dun ano, con seus pais e dúas irmás pequechas. Axiña collemos confianza.

Manolo ergueuse da soleira. Botámonos a camiñar xuntos.

-Afastate aquí? -díxenlle.

Sorriu. Olloume en fite. Refregou os ollos co renlo da man esquerda.

-Non. Miñas irmás aínda son pequechas e poida que se afagan, pero eu non. Iso de vivir todos amoreados nun cuarto... Tampouco me chista a patulea dos veciños, batendo uns contra os outros no patio, sen falárense como non sexa para rifar coma cadelos.

Chegamos ao Parque Lezama. Sentámonos na herba. Dous rapazotes que por alí pasaban, cando viron a Manolo deron en berrar mentres fuxían:

-Chao, pibe gaita!

-Abur, «pata sucia»!

Manolo contoume:

-Son do meu conventillo. Do segundo patio. Xa temos leado. Fago que non se me dá, pero dóeme. O máis túzaro é Rafael. Eu tamén o alcumo. Chámolle «Cabecita negra». Ponse feito un vinagre. Teño que defenderme. Non che parece?

-Na túa aldea tamén leabas -díxenlle- e había alcumes...

-Si -atallou Manolo-, pero era outra cousa. Aquí son alleo. Sempre estou por embaixo.

Bótanme na cara que como o pan deles. Iso non é certo, pero dinmo. Decote a mesma trécola: que volva para o meu país. Se eu fose maior, ou máis pequecho... A miñas irmás non lles importa iso. Elas son de aquí, no falar e en todo.

A xente ía e viña polas rúas. Anoitecía. Baduaban os tranvías por Almirante Brown. Ata nós chegou o brúo dun barco. Manolo botou a ollada lonxe, para a banda do porto. Coas mans combadas púxose a endereitar algunhas herbas que esmagara.

-Non penses -dixo- que me dedico a avolver o tempo de lacazán por aí. Cadrou hoxe. Ti coidas que eu non vou á escola nin traballo?

-Eu non coido nada, aínda es un rapaz...

Manolo ergueuse de súpeto.

-Un rapaz, non si? Pois direiche que traballo nun taller de compoñer radios. O dono é un polaco. Ten oito máis do meu tempo. Chámanos «aprendices». Polo de agora traballamos case de balde. Pero bo é algo. Ademais diso, vou á escola. E axúdolle a meu pai no tráfego de botellas. Nada de rapaz.

Volveu sentarse. Logo, foise estarricando ata quedar deitado de cara para o ceo.

-Pero tes xoguetes e enredas -díxenlle.

-Pois non. Todo iso quedou alá, na aldea. A estornela, os carros de pau, o tiratacos. .. Aquilo si. Había eiras e camposas. Niños no curuto das árbores. Largueza. Ti ben o sabes. Se queríamos un xoguete, tiñamos que facelo. Aquí todo se merca, e iso non me chista. Deixei de ser rapaz cando collín o barco.

-Logo non che gusta Bos Aires -tercei.

Manolo revirouse para min e sorriu. Nos ollos rebulíalle un chisco de retranca.

-Non sei —dixo—. Agora como pantrigo todos os días e xa non teño que mangar zocos nin arrecadar o gando polas toxearas. Iso é bo. Convenme. Pero síntome coutado. Todo se volve paredes e rebumbio. Custa afacerse.

Escurecera. Deixamos o Parque Lezama e botamos a andar. Xa acenderan as luces. Pasou un vello pregoando: «Crítica!» «Notíciassss!»

-Un día destes -baduou Manolo- fágome canillita. Disque se pode chegar a un bo xorne e os diarios.

-Pero ti non...

-Eu? Meu pai di que compre rañar cartos por onde se poida. Temos que mercar unha casupa e deixar o conventillo. Calquera traballo é bo. Na América hai que meterlle o dente ao que veña. Non che parece?

Cando deixei a Manolo era noite pecha. Chiscoume un ollo e foise a valmontes, coma se aínda estivese na aldea. Eu collín para o meu chafarís.

Inda traballei ben tempo no taller de cociñas. Unha e outra vez, menos cando chovía, viña a pé, ulindo e observando as rúas de San Telmo. Pero endexamais volví ver aquel rapaz.

Pregunteilles a outros que enredaban na porta do conventillo. Non souberon darme razón del.

Diso hai arredor de catro anos. Máis dunha vez cavilei en Manolo. E nos demais arrincados da aldea. Manolo era un de tantos. O outro día atopeino en Quilmes. Asaba chourizos nunha trepia e vendíallos á xente que viña do río. Xa é un mocete. Olleino de lonxe; non lle falei.

Bulíanlle as mans entre o fume e a graxa e o atadallos dos cartos. O seu acento galego andaba por debaixo daquel lunfardo mal aprendido.

XOSÉ NEIRA VILAS, Historias de emigrantes. (Adaptación)

COMPRESIÓN DA LECTURA

1. Responde.

- Quen narra a historia? É un personaxe que participa nela?
- Quen é o rapaz ?
- De que se coñecen o rapaz e o narrador?
- Que sabemos de cada un dos dous personaxes?
- Onde acontece o relatado?

2. Que lle engadirías ao título para que dese máis información sobre a historia? Escríbeo.

OBTER INFORMACIÓN

3. Explica o significado no texto das seguintes palabras

en fite	patulea	túzaro
soleira	trécola	xorne
lear	estornela	trepia
túzaro	baduar	atadallos

4. Demostra, con datos do texto, se estes enunciados son verdadeiros ou falsos.

- ☐ Manolo xa non é un rapaz e por iso emigrou a América sen os pais.
- ☐ Manolo traballa vendendo xornais na rúa.
- ☐ O narrador coñeceu a Manolo nun barrio de Bos Aires chamado Quilmes.
- ☐ O narrador e Manolo foron en tranvía deica o porto.

INTERPRETAR O TEXTO

5. Que personaxe colectivo se esconde tras o rapaz protagonista? Marca.


- ☐ O grupo de rapaces da cidade.
- ☐ O conxunto dos emigrantes.
- ☐ Os traballadores da rúa.
- Cal destes enunciados do texto recolle esa idea? Marca.
 - ➔ *Cavilei en Manolo. E nos demais arrincados da aldea. Manolo era un de tantos.*
 - ➔ *Polo seu ollar aberto e pousado decateime de que era galego.*

6. Busca enunciados do texto que aludan a estas ideas

- Problemas de integración e racismo.
- Duras condicións de vida.
- Explotación laboral.
- Contrasta as situacións anteriores coas que viviría o personaxe na aldea.

7. Que significa a expresión «meterlle o dente (a algo)»? Explica cun exemplo.

- Di con que significado a usa o rapaz aquí.



8. Distribúe o relato nestas tres partes.

Presentación do marco	Diálogo dos personaxes	Epílogo da historia
-----------------------	------------------------	---------------------

9. Localiza as referencias espaciais e temporais presentes no texto.

- Que percorrido fan os dous personaxes o día que se coñecen? Canto tempo pasa?
- Canto tempo transcorre en total na historia?
- Entre que dous barrios de Bos Aires se desenvolven os feitos narrados?

REFLEXIONAR SOBRE O CONTIDO

10. Responde razoadamente.

- Pareceche real ou ficticia a historia do rapaz?
- Cres que acabou integrándose no novo país?
- En que época cres que se desenvolve a historia?